

CONTANDO A HISTORIA CON ELAS, **AS ARTISTAS**

[obradoiros creativos participativos para homenaxear e reinterpretar a mulleres artistas]

1ª actividade, 15 + 16 MAIO.2018:



MAREXADA DE MULLERES

[en colaboración co alumnado do bacharelato de artes do IES MARÍA SOLIÑO de Cangas]

coordinan: Paula Cabaleiro e Basilisa Fiestras

organiza:



Concello de Cangas

colabora:



| O QUE NON SE NOMEA, NON EXISTE

"O que non se nomea, no existe". Canta razón leva esta frase de George Steiner. Ao longo da historia da arte, as mulleres non foron nomeadas nin recoñecidas. Moitas veces non tiveron sin sequera a opción de escoller, libremente, a que dedicar a súa vida. Algunhas viron oculta a súa labor creativa trala firma dun home, da súa parella, como os famosos casos de Camille Claudel (con Auguste Rodin) ou Christo e Jeanne-Claude ou viviron á sombra del, como Lee Krasner (na portada) e Jackson Pollock, Sonia e Robert Delaunay ou a gran Frida Kahlo e Diego Rivera.

Hoxe en día, a situación está a mudar. Xa son moitas as mulleres que se dedican profesionalmente á arte, xa están expoñendo e vendendo a súa obra, sendo xa un 70% das licenciadas en Belas Artes. Pero podemos falar dunha igualdade real de oportunidades? Só 1 de cada 4 artistas representados polas galerías de arte en España é unha muller, só un 25% dos artistas de ARCO son mulleres (e só un irrisorio 5% de artistas españolas), supoñen un 23% das exposicións individuais nos centros de arte (12% son mulleres españolas), un 10% nas coleccións públicas de arte, e só un 13% no Premio Nacional de Artes Plásticas. En resumo, a pesar dos avances, as mulleres artistas seguen a loitar contra un teito de cristal, estando sempre en inferioridade de oportunidades, infrarrepresentadas nas institucións culturais, nos museos, no mercado da arte, nas coleccións de arte e nos premios e bolsas.

E lembramos, as mulleres son un 70% das persoas licenciadas en Belas Artes. Que está a suceder?

| CONTANDO A HISTORIA CON ELAS, AS ARTISTAS

Se as mulleres seguen a estar infrarepresentadas na historia actual da arte, debemos activar mecanismos e estratexias para dar a coñecer, visibilizar, empoderar ás mulleres artistas. **Promovido polo Concello de Cangas**, "Contando a historia con elas, As Artistas" é un proxecto de creación participativa a través de obradoiros para homenaxear e reinterpretar a mulleres artistas. É un programa a longo prazo, de colaboración con centros educativos, levando a cabo obradoiros que darán como froito obras colectivas para poñer en valor ás mulleres artistas.

| "MAREXADA DE MULLERES", A PRIMEIRA ACTIVIDADE DESTE PROGRAMA

A primeira actividade, será realizada en colaboración co **alumnado do bacharelato de artes do IES María Soliño**, os vindeiros **15 e 16 de maio**, no propio centro escolar.

O Obradoiro, impartido por Paula Cabaleiro e Basilisa Fiestras, ambas licenciadas en Belas Artes, consistirá nun módulo teórico e nun práctico. O alumnado achegarase ao papel da muller na historia da arte, descubrindo ás primeiras creadoras que puideron dedicarse á arte de forma profesional, así como aquelas outras que o fixeron sempre á sombra dun home. Asimesmo, coñecerán artistas contemporáneas actuais de referencia a nivel nacional, internacional e, por suposto, galego.

A parte práctica versará nun achegamento á instalación pictórica, e máis en concreto á obra da artista brasileira **SANDRA CINTO**, mediante a **realización dunha pintura mural colectiva** que recree os mares galegos, en homenaxe a todas as mulleres redeiras e traballadoras do mar, incorporando os seus nomes na "marexada", xunto ao de mulleres artistas da historia da arte.

| QUENES IMPARTEN

PAULA CABALEIRO (Cangas do Morrazo, 1986)



Licenciada en Belas Artes pola UVigo e máster en Arte, Museoloxía e Crítica Contemporáneas pola USC, actualmente é directora de exposicións na Fundación Florencio de la Fuente (Huete, Cuenca), codirectora da feira de arte contemporánea Cuarto Público (Santiago de Compostela), coordinadora do Espazo Arte Contemporánea de Culturgal (Pontevedra, 2017) e coordinadora do programa de residencias artísticas "Estudio Aberto" de Rede Museística de Lugo e Deputación de Lugo dende 2013. Foi directora en Galicia do Festival estatal Miradas de Mujeres 2014 e entre 2014 e 2015 foi crítica de arte redactando artigos na revista chinesa 重庆青年报. Forma parte da xunta directiva da Fundación Premios Crítica de Galicia dende 2015 e foi comité organizador do "Congreso de Xénero, Museos, Arte e Migración" da Rede Museística de Lugo, nas súas catro edicións. Comisariou exposicións de arte contemporánea, organizou eventos culturais e entrevistou como poñente en xornadas e congresos en toda Galicia e España.

Moi interesada no eido da igualdade e da acción social, é coordinadora e comisaria do programa **"Mulleres en Acción: Violencia Zero" de Deputación de Pontevedra**, dende 2015, chegando cada ano a 25 concellos da provincia, ademais de ter participado en numerosos proxectos implicados co tecido asociativo e con persoas con capacidades diferentes (colaborando con Acadar, Cogami, Apen, Aspaber etc), destacando o

proxecto **"Nos+otras en Red"** en **Museo Thyssen-Bornemiza de Madrid**, entre 2015 e 2017, culminando coa exposición "El espacio de la memoria" (febreiro-marzo 2017, Museo Thyssen-Bornemiza). Tamén participou no proxecto **"Museos públicos 25.2"** da **Rede Museística de Lugo**, impartindo obradoiros creativos no Centro Penitenciario de Bonxe, en Lugo (imaxe).

BASILISA FIESTRAS (Pontevedra, 1985)

Doutora en Belas Artes con Mención Internacional e cualificación de Cum Laude, pola Universidade de Vigo, ampliou súa formación académica co Máster de arte, museoloxía e crítica contemporánea a través da Universidade de Santiago de Compostela. **Foi galardoada con diversos premios, recoñecementos e becas de investigación** entre os que destaca a obtención da Bolsa de Estudos Novos Valores 2016 outorgado pola Deputación de Pontevedra. A demais, a súa obra foi seleccionada en numerosas exposicións entre as que se encontran; Proxectos inacabados 25 años. Una Facultade en la maleta, Pavilhão de Exposições. Faculdade de Belas Artes. Universidade do Porto, Portugal (2016); La razón salvaje, Galería Aire Cetro de Arte, Santiago de Compostela (2015); 8º Premio Auditorio de Galicia para Novos Artistas, Santiago de Compostela (2014); Piel y Silencio, Galería Metro, Santiago de Compostela (2014); Dressed, realizada por la Fashion Week, Oporto, Portugal (2011), entre outras. A nivel docente; obtivo en 2009 o CAPA, Certificado de Aptitude Pedagógica e impartiu docencia en diferentes signaturas universitarias.



Moi interesada no achegamento da arte contemporánea á cidadanía, desenvolveu numerosos obradoiros creativos e participou en diversos proxectos didácticos onde se buscaban achegar e empapar aos mozos e mozas da experiencia do arte contemporánea. No eido da acción social, destaca a súa participación en **"Hefesto"**, programa de integración social organizado polo Concello de Pontevedra, cunha proposta-estudio do aleteo dun paxaro en escaiola.